

AUTORA

Patricia García-Rojo

ILUSTRADOR

Alejandro Villén

TEMAS

Amizade. Medio ambiente.
Educación para o consumo.
Imaxinación e creatividade.
Traballo en equipo. Humor.
Responsabilidade


COMPETENCIAS

Ciudadá. Emprendedora

RELACIÓN
CON OUTRAS ÁREAS

Educación Artística
(Plástica)

N.º DE PÁXINAS: 64



Os costrosos atacan de novo

Unha rima de lixo!

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque ofrece unha historia sinxela e divertida sobre uns pequenos seres imaxinarios que habitan entre o lixo. Porque, a través do relato, permite tomar conciencia da importancia do coidado do mundo que nos rodea. Porque establece o inicio dunha colección chea de simpáticos e entrañables personaxes que cativarán os lectores desde a primeira páxina.

RESUMO DO ARGUMENTO

Os cotrosos viven detrás de cada retallo de papel, lata baleira, bolsa de patatas fritadas ou calquera outro desperdicio. O rei Cotroso soña con facer a rima de lixo máis grande do mundo e ordénalles aos seus secuaces que acumulen toda clase de porcallada. Pero Ro, un pequeno cotroso ao que lle encanta estar limpo, conseguirá impedirlo coa axuda de Tina, a súa amiga humana.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, pois a sinxeleza da historia e as expresivas ilustracións complementanse cun toque de humor que atraerá mesmo o lector máis remiso. Para aquelas aulas nas que se queira promover o coidado do medio ambiente e tamén concienciar sobre o consumo responsable.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Proponlles aos teus alumnos que lle escriban unha carta á autora do conto contándolle o que máis lles gustou da historia. Tamén podedes elaborar despois unha carta conxunta coas propostas dos diferentes compañeiros e enviarlla á escritora a través da súa páxina web: patriciagarciarajo.wordpress.com.

GRUPO

Organiza os teus alumnos en grupos e pídelles que busquen nas imaxes do libro algúns personaxes que expresen as seguintes emocións: alegría, esforzo, desgusto, enfado, medo, decepción etc. Podedes rematar a actividade compartindo en voz alta con toda a clase algunhas situacións persoais nas que os alumnos experimentasen algunhas destas emocións.

GRUPO

Unha vez lido o relato, comentade en grupo a necesidade de protexer o contorno e mantelo libre de lixo. A partir de aquí, pode montarse unha actividade colaborativa para limpar o patio da escola. Para tal fin, cumprirá dividir o espazo do patio entre pequenos grupos que se ocupen de recoller todo o lixo que atopen (sempre coas medidas de protección axeitadas) e de depositalo nas papeleiras, tal e como propoñían Ro e Tina nun dos seus plans.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

Ás veces podemos reutilizar materiais que tirariamos ao lixo para facer arte. Pídelles aos alumnos que leven á clase algúns deles (*botellas de plástico usadas, tubos de cartón do papel hixiénico ou do papel de cociña, tapas de botellas ou tarros, papel de revistas etc.*) e ánimoos a crear unha obra artística usando unicamente estes elementos reciclados. Ao final, cada un deberá explicar o significado ou a utilidade da obra que realizou.

TALLER DE ESCRITURA

Grazas á maxia de Ro, Tina pode volverse tan pequena coma o seu amigo. Proponlles aos teus alumnos que inventen unha historia na que eles pequenezan tanto coma os cotrosos. Que farían? Onde irían? Que problemas e que vantaxes terían? E como acabaría a súa aventura? Imaxinación ao poder!